

SESIÓN: VENRES 15 DE MAIO, 2020.

L. GALEGA

4º DE ED. PRIMARIA

---

Bos días, nenos e nenas:

Para rematar esta semana, imos facelo presentándovos o escritor que este ano se dedica o día das Letras Galegas: Ricardo Carvalho Calero.

Ademais de celebrar sempre esta data, este ano celebrarémolo con máis orgullo, se cabe, xa que o homenaxeado é un escritor ferrolán.

Vóuvolo presentar:

# RICARDO CARVALHO CALERO



**DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2020**

*Seminario Galego*

Equipos de  
Dinamización  
da Língua Galega

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.<sup>a</sup> Dolores e Gabriel Ricardo que tiveron cinco fillos máis.

Ricardo realizou os seus primeiros estudos nunha escola da rúa Magdalena e noutra escola dirixida polo escritor Manuel Comellas, as dúas de Ferrol. Fixo o bacharelato por libre e os estudos universitarios en Compostela.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, onde coincidiu con Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...

Colaborou en moitas revistas galegas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*... e é autor de libros de investigación sobre a nosa literatura e o noso idioma.


En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e como profesor contratado á universidade compostelá, da que se converteu no seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.


É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía e novela.

Ingresou na Real Academia Galega (RAG) o 17 de maio de 1958 e o seu discurso tratou sobre Rosalía de Castro.

Pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura, a RAG dedícalle este ano o Día das Letras Galegas.



RICARDO CARVALHO



**GRAMÁTICA ELEMENTAL DEL GALLEGO COMÚN**, PUBLICADO EN 1966, VAI DIRIXIDA AO PROFESORADO E AO ALUMNADO DA SÚA FACULTADE.

## ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHO CALERO 4º ED. PRIMARIA

1.- Cal é a data de nacemento de Ricardo Carvalho Calero?

---

2.- En que cidade galega estudou o bacharelato?

---

3.- Cal é o nome do instituto compostelán no que foi profesor?

---

4.- En que data ingresou na Real Academia Galega?

---

5.- Risca as dúas oracións verdadeiras sobre a biografía do autor e escribe correctamente as dúas falsas.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.


Traballou nun xornal galego.

Foi membro do Seminario de Traballos Galegos.


É autor de *Gramática Elemental del Gallego Común*.



6.- Ricardo Carvalho coincidiu con grandes personaxes da literatura galega. Atopa os seus nomes na sopa de letras.



**CASTELAO  
CUEVILLAS  
RISCO  
FRAGUAS  
LOSADA  
FILGUEIRA  
OTERO  
NOVAS**



Estas actividades foron realizadas polo “Seminario Galán”. Se queredes saber máis, déixovos o enlace directo para que podades acceder:

[http://seminariogalan.org/2020/ACT\\_3\\_ED\\_PRIMARIA.pdf](http://seminariogalan.org/2020/ACT_3_ED_PRIMARIA.pdf)

Tamén, vos deixo os seguintes enlaces:

<http://primaveradasletras.gal>

<http://aspitas.gal>

Estes, recollen información sobre o autor e a súa obra.

**A semana remata, estou moi contenta co voso traballo. Seguide así!**

**Bótvos moito en falta, pero cada vez queda menos.**

**Coidádevos moito.**

**Moitos bicos.**

**Loli.**

